



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E O INSTITUTO GALEGO DO TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADES E TRASTORNOS ASOCIADOS (INGADA) PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social formalizou xunto co Instituto Galego do Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividades e Trastornos Asociados (INGADA), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2019. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular un marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e INGADA no desenvolvemento dun proxecto de asesoramento ás familias de membros con TDAH e trastornos asociados que ten como finalidade que estas poidan desenvolver adecuadamente as súas funcións educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social para o que se artellarán programas de carácter preventivo que contribúan a modificación de condutas non desexadas e a adquisición de pautas saudables para a dinámica familiar.

A través desta colaboración, a Consellería de Política Social pretende orientar e asesorar a pais/nais dos nenos sobre a dinámica familiar e problemas derivados das características persoais ou momentos críticos nos que se atopen os seus fillos, elaborar pautas de actuación e programas de apoio ás familias e derivar aqueles casos que por calquera motivo excedan á competencia das labores do instituto a quen e onde proceda.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica e o INGADA é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social co número E- 6204 e ten entre as súas funcións o asesoramento e apoio ás familias con membros con trastornos por déficit de atención e hiperactividades (TDAH) e trastornos asociados para que poidan desenvolver adecuadamente as súas labores educativas, socializadoras, e superar situacións de necesidade e risco social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alio a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

